



FRONTE Á CRISE

SAÍDA GALEGA XUSTA

O pobo galego inda se atopaba inmerso nunha grave recesión, e vese agora no medio dunha pandemia mundial onde o virus ataca sen diferenciar a quen, máis os seus efectos non son os mesmos nin afecta igual a todas as clases sociais, nin a todos os pobos e nacións.

Evidenciouse máis ca nunca o fracaso e a inxustiza do capitalismo e a globalización, dado que se está a priorizar a economía (e os intereses económicos) por riba das vidas das persoas.

Esta nova crise dáse nun momento no que o capital abre novos camiños na explotación de recursos e da clase traballadora: descarbonización, dixitalización, transición enerxética, teletraballo... non buscan o benestar ou a xustiza social, senón aumentar a marxe de beneficios, e para iso non se dubida en utilizar os Estados e os instrumentos públicos. Así foi durante a crise anterior, da que inda padecemos as consecuencias do rescate bancario e das políticas regresivas que se impuxeron (reformas laborais, da negociación colectiva ou das pensións, recortes de servizos públicos, privatizacións...) e nas que se pretende afondar co gallo desta nova crise.

A crise sanitaria da Covid-19 converteuse xa nunha profunda crise económica e social.



Non podemos permitir que se pretenda saír desta nova crise a costa unha vez máis do saqueo á clase traballadora.

AS liñas de actuación que se están marcando para afrontar esta grave situación económica na chamada “reconstrución”, por moito que vaian ser postas en marcha por un suposto goberno “progresista”, non deixan de ser as receitas neoliberais de sempre, ditadas desde a UE dominada polo capital e asumidas acriticamente polo executivo de PSOE e Unidas Podemos. E aplícanse, ademais, desde unha visión fanaticamente centralista e negadora da realidade plurinacional do estado.

GALIZA afronta, ademais, esta realidade partindo dunha maior dificultade, porque xa estabamos de cheo nunha crise social, industrial, e demográfica –empeorada pola incesante emigración– que xa de por si tiña o impacto dunha situación de emerxencia nacional e social, e que agora se ve agravada por esta nova realidade.

Estamos diante dunha situación na que está en xogo o noso futuro e ante a cal vemos a manifesta inacción (cando non fatal actuación) do goberno galego nas súas funcións, contribuindo á destrución dos nosos sectores produtivos e industrias estratéxicas, e aplicando unha política suicida de desenvolvemento económico consistente case en exclusiva na eucalptización do País en favor da industria pasteira, e no sector servizos, especialmente no turismo e no Camiño de Santiago.

Preténdese continuar aumentando a pobreza laboral, o desemprego e a exclusión social á par do continuo proceso de desgaleguización e españolización da Galiza.



Consulta as propostas da CIG fronte á crise en www.cig.gal

Unha SAÍDA GALEGA XUSTA da crise pasa pola loita e a mobilización, porque os dereitos conquístanse, nin os regalan nin se mercan.

EN Galiza contamos cunha forte presenza en sectores considerados esenciais, como o primario e nas súas industrias derivadas, mais tamén cun escaso e limitado poder na toma de decisións, pola pertenza á Unión Europea pero especialmente pola falta de competencias plenas na Galiza para afrontar esta situación. Por iso, hoxe, máis ca nunca, reivindicar o dereito a decidir do pobo galego é vital para facer fronte eficazmente á crise. A comezar por recuperar o autogoberno para sermos quen de levar adiante todo un sistemático e completo paquete de políticas públicas, que concentren todos os recursos en favor das maiorías sociais, única maneira real de garantir unha protección social plena, sen exclusións, o dereito ao emprego, salarios e ingresos dignos para toda a clase traballadora

DESDE a CIG, formulamos unha proposta con medidas concretas, para unha SAÍDA GALEGA XUSTA da crise (podes consultar o documento de propostas en www.cig.gal). Unha saída da crise que tamén pasa pola loita, o combate e a mobilización, porque os dereitos conquístanse, non os regalan nin se mercan, nin se mercadea con eles nese invento do “diálogo social” que pretende suplantar o protagonismo da clase traballadora impondo antidemocraticamente medidas de recorte e facilitando solucións que favorecen o capital.

Hoxe, máis que nunca, reivindicar o dereito a decidir do pobo galego é vital para facer fronte á crise e para ter dereito a vivir e traballar dignamente na Galiza.

Consulta as propostas da CIG fronte á crise en www.cig.gal



dereitos emprego
servizos públicos

